



CONCELLO DE POIO
Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE DE MAIO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás trece horas e quince minutos do día vinte de maio de dous mil once, baixo a presidencia da Sra. Consuelo Besada Lores en substitución do Sr. Alcalde, Luciano Sobral Fernández, o que escusa a non asistencia e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusan a non asistencia os concelleiros D. Javier Domínguez Lino, D^a. Irene Ligerio Iglesias e D. Angel Moldes Martínez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3523.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTE DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de maio de 2011 e que di o seguinte: "Dáse conta da proposta da alcaldía de data 10 de maio de 2011 na que propón realizar o cambio de finalidade do mencionado remanente de crédito para gastos con financiación afectada por importe de 20.000 euros que pasaría de estar adicado a "Canalóns colexio A Seca" aos diferentes investimentos mencionados no C.E.I.P. De Viñas: instalación dobre porta de seguridade de entrada, tres fiestras e motor porta de acceso e, no C.E.I.P. de Chancelas: instalación dobre porta de seguridade de entrada. O remanente de crédito pode ser utilizado e pode realizarse o cambio de finalidade proposto sen perturbar os servizos a

prestar.

Así mesmo dáse conta do informe da interventora municipal de data 10 de maio de 2011.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non suscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o cambio de finalidade do remanente de crédito para gastos con financiación afectada por importe de 20.000 euros que pasaría de estar adicado a "Canalóns colexio A Seca" aos diferentes investimentos mencionados no C.E.I.P. De Viñas: instalación dobre porta de seguridade de entrada, tres fiestras e motor porta de acceso e, no C.E.I.P. de Chancelas: instalación dobre porta de seguridade de entrada.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal para os tramites sucesivos do expediente.

3524.- INTERVENCIÓN, INFORME RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de maio de 2011 e que di o seguinte: "Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 9 de maio de 2011 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A interventora municipal procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010.

Explica o contido do seu informe manifestando que o apartado 1º trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sin que se procedese ao recoñecemento das obrigas e a 2ª parte do informe trata sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local. A Comisión dáse por enterada."

Non suscitándose debate ningún, a corporación en cumprimento do disposto na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de

medidas de loita contra a morosidade dáse por enterada do contido do informe, o que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3525.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 10/2011, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de maio de 2011 e que di o seguinte: "Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 11 de maio de 2011 e do informe e certificación da interventora municipal de data 12 de maio de 2011.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián manifestando que se trata dunha modificación orzamentaria a realizar para dar cobertura a diversas facturas correspondentes a investimentos para os cales non existe crédito no presente exercicio 2011 en virtude do cal a interventora municipal emite o correspondente informe de reparo que figura no anexo ao informe de data 12 de maio de 2011.

Motivado na Memoria da Alcaldía a existencia de remanente de Tesourería para gastos xerais derivada da liquidación do exercicio 2010 por importe suficiente para aprobar as mencionadas facturas co que se propón :"
Primeiro: levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. Segundo: aprobar a modificación orzamentaria nº10/2011, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 50.732,36€. Terceiro: unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno".

A Comisión por 5 votos do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía."

Non suscitándose debate ningún, a corporación por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 4 votos en contra e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o levantamento do reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 10/2011, mediante crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 50.732,36€.

Terceiro: Someter o expediente a información pública, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno

3526.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 11/2011, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de maio de 2011 e que di o seguinte: "Dáse conta da Providencia e da Memoria da Alcaldía de data 13 de maio de 2011 e do informe e certificación da interventora municipal de data 13 de abril de 2011.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente manifestando que se trata dunha modificación orzamentaria para dar cobertura por unha parte a unha serie de facturas de investimentos para os cales non existe consignación no orzamento do 2011 e por outra parte para incrementar o crédito de diversas aplicacións de gastos correntes por ser este insuficiente, segundo consta na Memoria da Alcaldía e o informe de reparo da interventora con relación a ditas facturas que figura no Anexo do informe de 13 de maio de 2011.

Na Memoria da Alcaldía motívase a existencia de remanente de Tesourería derivada da liquidación do exercicio 2010 e a necesidade de levar a cabo os gastos mencionados é polo que se propón:" Primeiro: levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación. Segundo: aprobar a modificación orzamentaria nº11/2011, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 319.089,37€. Terceiro: unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno."

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a proposta da Alcaldía."

Non suscitándose debate ningún, a corporación por 9

votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 4 votos en contra e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o levantamento do reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 11/2011, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 319.089,37€.

Terceiro: Someter o expediente a información pública, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

3527.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. MANUEL RIAL BUCETA E MARIA JESÚS NIETO QUINTILLÁN, PARA EXECUCIÓN DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON" DE DATA 5 DE MAIO DE 2011.- Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 18 de maio de 2011 e que di o seguinte: "Previa lectura do Convenio obxecto deste ditame, e, previa lectura do informe emitido o día 28 de abril de 2011 polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

"Visto o convenio urbanístico de xestión e de planeamento entre o Concello de Poio e D. Manuel Rial Buceta e a súa dona Dna. María Jesús Nieto Quintillán para a execución da obra de ampliación da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon", que se pretende asinar o 29 de abril de 2011 e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL); teño a ben informa-lo seguinte

PRIMEIRO: Con data 20 de abril de 2011 o Secretario e a Interventora do Concello emiten informe desfavorable á aprobación do borrador de convenio urbanístico que se lles entregou con data 14 de abril de 2011, en base ás consideracións e fundamentos xurídicos que expoñen non seu informe e que se refunden en tres grandes apartados:

1.- Da posibilidade de adquisición de terreos para

dotacións públicas mediante convenio.

O informe desfavorable dos técnicos parece fundamentarse na crenza que se deriva do borrador do convenio de data 14 de abril de 2011, de que os terreos que pretenden adquirirse con este convenio eran para poder contratar e executar a obra do proxecto de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon", redactado polo Enxeñeiro Municipal D. José Luis Arias Rodríguez en decembro de 2009 e no informe da Arquitecto Municipal de 28 de marzo de 2011 no que indica que para a execución destas obras non é necesaria a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.

En tal sentido aclárase por esta asesoría, co novo convenio urbanístico, que se pretende asina-lo 29 de abril de 2011, que os terreos que pretenden adquirirse con este convenio son para a obra de ampliación da xa contratada "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon", para o cal necesita o Concello adquirir os terreos estremeiros para urbanizar completamente o vial.

E en canto ó que expoñen os técnicos municipais respecto dos convenios, aclara esta asesoría xurídica que o convenio que se pretende asinar é un convenio mixto, de xestión do Plan Xeral vixente, cuxa aprobación é competencia da Alcaldía, polo que terá eficacia o convenio que se asine desde o momento no que se proceda á sinatura, sen necesitar que sexa aprado pola Xunta de Goberno Local nin polo Pleno, polo que desde o mesmo día no que se asine o convenio poden ambas partes acudir ó notario D. Luis Darrieux de Ben e asina-la escritura pública de segregación e cesión dos terreos que se pretende urbanizar ó Concello, ó estar xa prevista no convenio a autorización da Alcaldía para segregación dos terreos que sexan necesarios.

Igualmente aclárase que o convenio que se pretende asinar, no que se refire á modificación do Plan Xeral, unha vez aprobado polo Pleno remitirase ó equipo redactor da revisión do Plan Xeral, Consultora Galega, S.L., para que o teña en conta no momento da tramitación do Plan e poida seguir os trámites simultáneos de aprobación e información pública coa aprobación da revisión do Plan Xeral, polo que a eficacia do convenio en canto ó Plan Xeral queda demorada á aprobación definitiva que recaía no seu día do Plan Xeral, podendo simultanearse nun único convenio tanto a xestión como a modificación do Plan.

2.- Do cumprimento do requisito da dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución dun proxecto de obras.

En canto ó informe da Xunta Consultiva de Contratación 13/2009 de 25 de setembro, no que os técnicos municipais se fundamentan para indicar que non é válida a dispoñibilidade dos terreos dunha propiedade particular que

se fai constar no convenio ata que se formalice a permuta ou cesión dos mesmos mediante escritura pública, non podendo mentras tanto contratarse nin executarse as obras de ampliación da rúa, por esta asesoría aclárase que dito informe nin é preceptivo nin vinculante para a sinatura do convenio, sen prexuízo de que, tal e como se indicou anteriormente, o mesmo día que se asine o convenio ou o día seguinte, ambas partes acudan ó notario para a sinatura da escritura pública de segregación e cesión ó Concello da superficie de terreo que se indica no convenio e poidan executarse as obras.

3.- Repercusións económicas derivadas do borrador do convenio.

O informe dos técnicos municipais, de 20 de abril de 2011, en parte, fundaméntase nas indemnizacións que se facían constar nos supostos de non poder executa-las obras de urbanización da superficie cedida ó Concello antes do 1 de xullo e no suposto de que non se aprobara a nova aliñación que se propón na revisión do Plan Xeral, polo que, na nova proposta de convenio de 29 de abril de 2011 rebaixáronse sensiblemente ditas indemnizacións, limitándose, polo que debería de informarse novamente polos técnicos municipais no que se refire a este extremo.

Por todo isto, informo favorablemente o convenio urbanístico de xestión en planeamento que se pretende asinar o 29 de abril de 2011, sen prexuízo do novo informe que queiran emitir os técnicos municipais respecto ó novo convenio. "

E previa lectura do informe emitido conxuntamente polo Secretario Xeral e pola Interventora do Concello que dí textualmente:

" NORMATIVA APLICABLE

-Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas

-Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local

-Texto Refundido por o que se aproba a Lei do Solo mediante Real Decreto 2/2008.

-Lei 9/02 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

-Real Decreto Lexislativo 1/1992 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo

-Plán xeral de Ordeación Municipal do Concello de Poio.

-Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

-RD 1372/1986 , por o que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Públicas.

ANTECEDENTES:

-Borrador de Convenio de Xestión e Planeamento entre o Concello de Poio e D.Manuel Rial Buceta e e a súa Dona María Jesus Nieto Quintillán, para execución da hobra de "Humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon."

-Informes (tres) de data 14 de abril de 2011 .

-Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de abril de 2011.

-Diversa documentación (escrituras de propiedade das parcelas así coma planos da situación dos terreos etc.

-Informe conxunto de Secretaría e de Intervención de data 20 de abril de 2011.

-Novo borrador de convenio de data 5 de maio de 2011Convenio de Xestión e Planeamento entre o Concello de Poio e D.Manuel Rial Buceta e e a súa Dona María Jesús Nieto Quintillán, para execución da obra de "Humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon.

-Informe do asesor Xurídico externo de data 28 de abril de 2011.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Emitido informe conxunto de Secretaría e Intervención, con data 20 de abril de 2011 con relación o borrador do convenio do día 14 de abril de 2011, se recibe un novo borrador de Convenio de data 5 de maio de 2011, que ó conter algunha variación con respecto o anteriormente presentado , se volve a emitir novo Informe acerca do mesmo.

Dado que son diversas as cuestións a estudar no Informe que nos ocupa imos tratar de darlles un tratamento individualizado a cada unha das cuestións que se plantexan con vistas a tratar de proporcionar unha resposta o mais clara posible.

1.- Da posibilidade de adquisición de terreos para dotacións públicas mediante Convenio.

No primeiro borrador da proposta de Convenio posta a disposición desta Secretaría e Intervención se fixaba o obxecto fundamental do mesmo na cláusula primeira na que se establece que ; "O obxecto fundamental da presente proposta de convenio, basease na necesidade que ten o Concello de Poio de ter a dispoñibilidade do terreo afectado pola execución da obra do proxecto de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon redactado por o Enxeñeiro Municipal D.Jose Luis Arias Rodriguez en decembro de 2009 para o que necesita o concello adquirir os terreos

dos outros comparecentes que se identifica no plano que se achega confeccionado por o Enxeñeiro Municipal e que comprende a parcela N° 6 de 114,35 m² e a parcela N° 7 de 18 ,91 m² e valorandose por o Enxeñeiro Municipal os terreos a ceder ao Concello na cantidade de 12.473,14 € (...).”.

Non obstante , en primeiro lugar temos que aclarar que no Informe da Arquitecta Municipal de 28 de marzo de 2011 se expón o seguinte; “ No proxecto aprobado para as obras de Humanización no que respecta a Rúa Gonzálo Fernández de la Mora y Mon os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte a este vial.” A vista da contradición existente entre a cláusula primeira do Convenio , anteriormente transcrita e do Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 , se debería aclarar con carácter previo a aprobación do borrador do convenio se efectivamente son necesarios estes terreos para a execución do proxecto “Humanización da Rúa Gonzálo Fernández de la Mora y Mon” , proxecto que xa foi aprobado, que é Obxecto dunha subvención por parte do Ministerio de Cultura e que xa foi adxudicado ; ou ben se trata de obras que non teñen cabida neste proxecto ou que inicialmente non estaban incluídas no mesmo. Por o que a vista desta contradición se debería solicitar Informe Técnico que aclarase as dúbidas existentes, a vista dos problemas que poden xurdir e que analizaremos no apartado 2. deste Informe .

Neste senso no Informe do asesor Xurídico Externo de data 28 de abril de 2011, se aclara que os terreos que pretenden adquirirse con este Convenio son para a obra de ampliación da xa contratada “Humanización da rúa Fernández de la Mora y Mon para a cal necesita o Concello adquirir os terreos estremeiros para urbanizar completamente o vial.

Por o que en principio parece que os terreos que se necesitan obter , o serían para posibilitar a ampliación do obxecto da obra incluída no proxecto “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon” . Por o que acerca desta posibilidade de ampliar o obxecto do proxecto inicialmente aprobado , o que supón unha modificación do mesmo , estes Informantes teñen a ben emitir as seguintes consideracións . Do exame conxunto do contido do expediente de contratación do proxecto “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”, e mais deste Convenio se deduce por parte destes Informantes que parte das melloras ofertadas por parte do adxudicatario , irían en boa medida destinadas a execución desta ampliación do proxecto inicial aprobado para a execución da devandita obra ; con relación a que as melloras supoñan a realización

dun maior volume de obra que a que figura no proxecto inicialmente aprobado , se expón o contido do Informe

da Xunta Consultiva de Contratación 29/1998, de 11 de novembro, se afirma que "tratar de interpretar se é posible que o contratista realice maior volúmen de obra da prevista no proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato por o prezo de licitación ofrecido, debe advertirse que os contratos de obra se refiren a execución dun proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato (...) e no mesmo se definen os planos do conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida (...) por o que solamente a obra contida no proxecto é a que se licita e a que pode executarse sen que sexa posible referir as ofertas a maior volúmen de obras comprendidas nas denominadas melloras(...)"

Por o que no caso concreto que nos ocupa debemos analizar se estamos ante un suposto dunha modificación do obxecto do contrato inicial ou ben estamos ante outro tipo figura .coma unha obra complementaria A esencia de ambas figuras é bastante distintas pero a nova LCSP veu a complicala aínda máis do que o facía a normativa anterior.

En principio, o artigo 217 da LCSP ao regular as modificacións de obras dispón que "serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que, sendo conformes co establecido no artigo 202 (A LEI 10868/2007), produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, cando esta sexa unha das comprendidas no contrato, sempre que non se atopen nos supostos previstos na letra e) do artigo 220. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha."

O apartado 2º do mencionado artigo 217 da LCSP sinala que "cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cuxas características difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación das mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20 por 100 do prezo primitivo do contrato".

Pola súa banda, o artigo 155 b) (A LEI 10868/2007) da LCSP ao regular as obras complementarias dispón que se

poderán adxudicar mediante procedemento negociado "cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, ou no proxecto de concesión e o seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia imprevista pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ao contratista da obra principal ou ao concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, fíxense contraditoriamente, sempre que as obras non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes á Administración ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por 100 do prezo primitivo do contrato. As demais obras complementarias que non reúnan os requisitos sinalados haberán de ser obxecto de contratación independente".

Como vemos a diferenciación entre modificados e complementarios aínda queda máis escura que o era coa lexislación anterior. Quizá un pouco de luz obtémolo no artigo 202 (A LEI 10868/2007) da LCSP que sinala que "non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección do mesmo ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 155 b) e 158 b)".

Así mesmo, debemos acudir á xurisprudencia (entre outras e das primeiras, a STS 30 de xaneiro de 1985) que desde un principio fixou como criterio a ter en conta para diferenciar entre modificación e obras complementarias "a posible utilización separada das novas obras, a súa necesidade en relación co proxecto inicial e as dificultades técnicas de adxudicación e execución independente, así como a interrelación física entre as obras e a necesidade da súa introdución para levar a bo fin o proxecto coa maior satisfacción dos intereses xerais". En definitiva, aínda que a normativa modificouse, a doutrina xurisprudencial vertida sobre a lexislación anterior entendemos que debe seguir vixente con relación aos contratos modificados e complementarios que se tramiten a partir da LCSP.

No caso concreto entendemos que non se cumpren nin os requisitos necesarios para estar ante unha modificación do contrato , xa que non existen necesidades novas ou causas imprevistas xustificadas debidamente no expediente (dado que o feito de que o adxudicatario te oferte melloras por un importe determinado, non xustifica a variación do proxecto inicial para incluír nel novas actuacións a levar a cabo, que incluso conlevarían a modificación do proxecto inicial , mais se cabe cando o proxecto orixinal foi enviado o Ministerio de Cultura , que unha vez examinado resolveu subvencionar unha porcentaxe importante do mesmo.), nin tampouco se aprecian causas imprevistas que xustifique a execución dunha obra complementaria , de conformidade con o devandito artigo 155.b).

Por o que respecta a posibilidade de asinar Convenios de Xestión de Planeamento debemos facer unha referencia o réxime xurídico que se establece na LOUGA 9/2002 con as súas respectivas modificacións. Acerca desta posibilidade o artigo 233 desta disposición legal establece que ; "Concepto, alcance e natureza.

1. A Administración Autonómica e os municipios, así como as súas organizacións adscritas e dependentes e as demais organizacións por eles creadas conforme a esta Lei, poderán celebrar, conxunta ou separadamente, e sempre no ámbito das súas respectivas esferas de competencias, convenios urbanísticos entre si e con persoas públicas ou privadas, en orde á súa colaboración e máis eficaz desenvolvemento da actividade urbanística.

2. A negociación, celebración e cumprimento dos convenios urbanísticos a que se refire o número anterior rexeráse polos principios de transparencia e publicidade.

3. Serán nulas de pleno dereito as estipulacións dos convenios que contravengan, infrinxan ou defrauden obxectivamente, en calquera forma, normas imperativas legais ou regulamentarias, incluídas as do plan urbanístico, en especial as reguladoras do réxime urbanístico do chan e dos deberes dos propietarios do mesmo.

4. Os convenios regulados nesta sección terán para todos os efectos carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia do órgano xurisdiccional contencioso-administrativo."

Así, en principio xa se faculta ós Municipios para a celebración de Convenios Urbanístico, Convenios que estarán

sometidos en todo caso as normas imperativas legais e regulamentarias ,incluídas o Planeamento Urbanístico , tal e como establece o apartado 3 do artigo antes transcrito, tendo en conta que a contravención destas disposicións xerará a inmediata nulidade das estipulacións que se establezcan nos mesmos.

A continuación a LOUGA distingue entre Convenios de Planeamento e de Execución do Planeamento, establecendo o artigo 234 o que segue; “. Obxecto.

Os convenios urbanísticos diferenciaranse polo seu contido e finalidade en:

Convenios Urbanísticos de Plan: Aqueles que inclúan ou poidan ter como consecuencia ou resultado posibles modificacións do plan urbanístico, ben directamente, ben por ser estas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado.

Convenios Urbanísticos para a Execución do Plan: Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limitense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan”.

No caso que nos ocupa se denomina o borrador do Convenio posto a disposición desta Secretaría e Intervención coma Convenio de Xestión e Planeamento, figura que se nos antoxa canto menos extraña , dado que a LOUGA , fai mención os Convenios Urbanísticos do Plán e Convenios Urbanísticos para a execución do Plán , pero non fai mención a esta figura mixta de Convenio de Xestión e Planeamento que como unha sorte de “refrito” refunde as dúas figuras nunha soa modalidade que por un lado planea e por outro executa , canto menos bastante dubidosa pero que imos tratar de analizar en profundidade .

No tocante os Convenios de Planeamento debemos estar o artigo 235 no que se establece o seguinte:

“Artigo 235. Convenios urbanísticos de plan.
1.A Administración autonómica e os municipios, así como os organismos adscritos ou dependentes dunha e outros, poderán celebrar entre si e con outras administracións convenios para definir de común acordo e no ámbito das súas respectivas competencias:

a) Os criterios de ordenación a que deba axustarse o plan urbanístico e as súas modificacións e revisións.

b) Os termos en que deba preverse no plan urbanístico, ou as súas modificacións ou revisións, a realización dos intereses públicos que xestionen.

2.Cando se tramiten os procedementos de aprobación dos plans de ordenación urbanística ou das súas modificacións ou revisións aos que se refiran os convenios previstos no número anterior, estes deberán ser incluídos, para coñecemento xeral, como anexo á memoria do proxecto ou entre a documentación sometida ao preceptivo trámite de información pública, se son posteriores á aprobación inicial.

3.Con ocasión do exercicio da potestade de plan, a Administración autonómica e os municipios, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, poderán celebrar con calquera persoas, públicas ou privadas, convenios urbanísticos relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística.

4.Os convenios a que se refire o número anterior:

a) Só poderán negociarse e subscribirse co carácter de preparatorios da resolución e até o momento en que o procedemento de aprobación do plan ou, no seu caso, da súa modificación ou revisión sexa sometido ao preceptivo trámite de información pública. (neste senso debemos destacar que o PXOM do Concello de Poio está actualmente en proceso de revisión e aínda non foi sometido a exposición pública.)

b) As seus estipulaciones só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación. En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte deles, da potestade de plan.

c) Deberá incluírse, entre os seus estipulaciones, a cuantificación de todos os deberes legais de cesión e determinarse a forma en que estes serán cumpridos.

d)A ordenación urbanística derivada do convenio celebrado deberá incorporarse ás correspondentes determinacións e

documentos do plan.”

Entrando no análise das cláusulas do Convenio que fan referencia a posible modificación do planeamento , dado que inclúen modificacións no mesmo no tocante as aliñacións e ancho do vial previstas na actual planimetría do PXOM aprobado por este concello no ano 2000, estes Informantes teñen a ben dicir o que segue:

Na cláusula terceira do borrador do Convenio se establece que; “(...) Comprometendose tamén o Concello a que na revisión do PXOM que se tramita actualmente lles quede liberada da aliñación que figura actualmente no Plán xeral a edificación destinada a vivenda dos comparecentes fixándose a aliñación definitiva da rúa na revisión do Plán xeral sen afectar a vivenda dos mesmos nin ao valo de cerramento unha vez retranqueado e construído (...)” Acerca desta cuestión no Informe da Arquitecta Municipal de data 28 de marzo de 2011 se afirma que co convenio que se pretende asinar é posible materializar un ancho de vial de 8,50 metros medidos a partir do valo de contención existente na marxe esquerda do vial , destacando posteriormente que no PXOM vixente se define nos planos 4.1 e 4.2 un ancho de vial de 12 m, e que no proxecto de revisión do PXOM se define un ancho de vial de 9,40 m , concluíndo que os planos de ordenación dos proxectos de revisión actualmente en fase de tramitación a fase previa a aprobación inicial o ancho definido para a rúa Gonzalo Fernández de la Mora e Mon é menor que o definido no PXOM vixente, recoñecendo que este proxecto de revisión do PXOM é un documento en tramitación que pode sufrir modificación no transcurso desta por motivos de diversa índole.

Por o tanto aínda que o obxecto do Convenio se definía por a necesidade que ten o Concello de adquirir os terreos necesarios para executar un proxecto de obras , consistente (básicamente) en cambiar o sentido dun vial , construción de birarrúas e asfaltar e incrementar o espacio do mesmo , ata un ancho inferior o recollido na planimetría do PXOM actual , implica coma condición desta adquisición, o compromiso de modificación da aliñación actual , e da anchura do vial.

É precisamente este espírito modificador das determinacións recollidas no planeamento actual o que lle aporta esa natureza de Convenio de Planeamento, aludida o comezo do noso Informe, posto que os convenios urbanísticos de execución do plan , se celebran para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do mesmo, e no caso que nos ocupa se recollen obrigacións para o

Concello que inclúen modificacións a tramitar no marco do actual procedemento de revisión do plan.

O problema ven dado por que , tal e como enunciábamnos cando expusimos o réxime xurídico dos Convenios de Planeamento , estes convenios se subscriben con carácter preparatorio a resolución (e dicir da aprobación definitiva do PXOM) , e "as súas estipulaciones só terán, nesta fase, o efecto de vincular ás partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación" remarcándose a continuación que ; " En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas, incluídas as que sexan parte neles, da potestade de plan." , mentres que no caso que nos ocupa o exercicio polas Administracións Públicas da potestade do plan , queda en boa medida condicionado polo feito de que no caso de que na aprobación definitiva do plán non se consiga desafectar totalmente a edificación destinada a vivenda e o cerramento reconstruído , os outros asinantes do Convenio terán dereito a que o Concello os indemnicen con a cantidade de 12.473,14 €, por non descoidar que esta modificación nas determinacións do planeamento, futuriblemente a ser traspasadas o documento definitivo que será obxecto da aprobación que finalizará o procedemento de revisión do plan, van a ser inmediatamente executadas , posto que estes terreos recuados conforme a futura aliñación son necesarios para a execución da obra do proxecto de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.".

Aínda que a cantidade indemnizatoria variou con respecto do primeiro borrador a este , dado que pasou de 20.000 € a 12.473,14, cantidade que coincide con a valoración dos terreos exposta por o Enxeñeiro Municipal de data 14 de abril de 2011, estes Informantes en base a unha maior seguridade xurídica informan que no tocante a parte que de Convenio de planeamento se refire incumple , en boa medida , as estipulacións recollidas no artigo 235 incurrindo nun vicio de nulidade de conformidade con o apartado 3 do artigo 233; amobolos dous recollidos o comezo deste Informe.

No tocante a natureza propia dun convenio urbanístico para a execución do plan , comezaremos analizando o artigo 236 no que se precisa que; ". Convenios urbanísticos para a execución do plan.

1. A Administración autonómica e os municipios, así como as entidades públicas adscritas ou dependentes dunha e outros e os consorcios creados por tales administracións, poderán celebrar, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, convenios con persoas públicas ou privadas para determinar as condicións e os termos da xestión e execución do plan urbanístico en vigor no momento da celebración do convenio.

2. Os convenios nos que se acorden os termos do cumprimento de deberes legais de cesión pola súa substitución polo pago de cantidade en metálico cando non poidan cumprirse con solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección pública en virtude da reserva correspondente, e, especificamente, a dos terreos en que se localice o 10% do aproveitamento tipo do ámbito de referencia deberán incluír, como anexo, a valoración pertinente, practicada polos servizos administrativos que teñan atribuída tal función, con carácter xeral ante a correspondente administración." ; tendo en conta que dende o punto de vista procedimental no artigo 237 se vai a concretar todo o relativo a celebración e perfeccionamento e se regula o seguinte; ". Celebración e perfeccionamento.

1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e en, polo menos, un dos xornais de maior difusión na provincia, por un período mínimo de vinte días.

2. Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de plan co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento, substituíndo esta a a prevista no número anterior.

3. Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.

4. O texto definitivo dos convenios haberá de ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro do quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido devandito prazo sen que tal firma tivese lugar, entenderase que renuncian a aquel."

Unha vez feitas estas consideracións xerais con a finalidade de establecer o marco xurídico no que nos imos a mover , procederemos a analizar a posibilidade do obxecto do mesmo , que non é outra que a adquisición duns terreos de titularidade privada con a finalidade de executar o o proxecto de obra "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon", por o que imos facer un análise dos Capítulos VII e VIII do Tit IV da LOUGA, capítulos que se refiren a obtención de terreos para sistemas xerais e dotacións públicas.

Pero en primeiro lugar consideramos necesario facer unha breve reseña introductoria acerca destes terreos destinados a dotacións públicas ou sistemas xerais, introdución obtida do traballo "Dotacións públicas, espazos libres e zonas verdes como factor de calidade da cidade." elaborado por Ángel Ruiz Checa , para a prestixiosa revista xurídica de el Consultor. Esta introdución nos servirá , sen dubida ningunha , para fixar os contidos onde nos imos mover.

O equipamento é peza fundamental e condicionante de todo desenvolvemento urbano . O pleno desenvolvemento da vida en comunidade require da existencia dunha serie de elementos para atender de forma adecuada as necesidades colectivas que demanda a sociedade, con todo zonas verdes e dotacións públicas foron institucións que aínda reflectidas nas leis non se lles dispensou todo o amparo e a protección necesaria.

Na lexislación estatal non existiu nunca un concepto perfectamente diáfano e acuñado condensado nun precepto dedicado ex profeso a concretar que haxa de entenderse por dotación pública . O tratamento que o ordenamento xurídico fai do solo dotacional é relativamente recente, xa que as dotacións públicas non se regulan até o Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril (A LEI 611/1976), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aínda que na Lei do Solo de 1956 (A LEI 9/1956) xa latexa a preocupación do lexislador por estas cuestións , regulando na súa art. 3.1 como facultades concernentes á competencia urbanística sobre plan as de concretar o trazado de vías públicas e medios de comunicación, espazos libres, centros cívicos de ensino e culturais, aeroportos e lugares análogos. É de destacar a falta de concreción dun réxime xurídico específico para cada tipo de dotación, sen que poidan distinguirse entre dotacións locais e sistemas xerais.

Na Lei de Solo de 1976 apréciase a preocupación do lexislador polos usos dotacionais, por canto nas

determinacións de carácter xeral que o Plan de Ordenación ha de conter figuran: os sistemas xerais de comunicación e as súas zonas de protección, os espazos libres destinados a parques públicos e zonas verdes en proporción non inferior a cinco metros cadrados por habitante, zonas deportivas e de recreo, templos, centros docentes, sanitarios, culturais, rede viaria e aparcadoiros. Habemos de destacar que para iso se introduce a figura do estándar urbanístico, en virtude do cal a Lei se limita a establecer uns criterios mínimos que deben ser respectados, en todo caso, polos plans urbanísticos so pena de incorrer en nulidade naquilo en que os contradigan ou se opoñan . De forma máis detallada refírese ás dotacións públicas o art. 25 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño (A LEI 1195/1978), polo que se aproba o Regulamento de Plan Urbanístico.

Podemos definir a dotación pública como: "os terreos, edificios e instalacións que o plan cualifique como tales, por estar destinados ao establecemento dos usos colectivos e servizos públicos precisos para asegurar o dereito da poboación a unha mellor calidade de vida dos núcleos urbanos" .

Seguindo a MORENO LÓPEZ definiremos ás dotacións como os servizos de interese público e social establecidos de forma proporcional ás necesidades e características socioeconómicas da cidade e a súa zona de influencia. As dotacións así definidas concrétanse na práctica en infraestruturas e equipamentos.

A dispersión normativa que padece desde hai anos o noso sistema xurídico débemos levar a distinguir entre o réxime xurídico contido na lexislación estatal e o réxime propio das distintas normas autonómicas. O Texto Refundido da Lei de Solo distingue no seu art. 16 entre dotacións públicas e redes xerais. Esta mención debe conectarse coa Exposición de Motivos do propio Texto Refundido, que sinala no seu apartado IV, que "o estatuto da cidadanía inclúe dereitos e deberes de orde socio-económico e ambiental de toda persoa con independencia de cales sexan a súa actividade ou o seu patrimonio, é dicir, no entendemento da cidadanía como un estatuto da persoa que asegure a súa goce en liberdade do medio no que vive, a súa participación no medio no que vive, a súa participación na organización de devandito medio e o seu acceso igualitario ás dotacións, servizos e espazos colectivos que demandan a calidade e cohesión do mesmo". A pesar da retórica que se emprega na Exposición de Motivos do Texto Refundido, cabe colegir que o lexislador está a pensar á hora de falar de dotacións públicas naqueles solos destinados á execución de equipamentos que, pola súa natureza, están chamados a servir á colectividade,

xa sexa porque están orientados á definición e posta en práctica do "modelo de cidade", xa porque poden ser utilizados por todos os "cidadáns" . É por iso polo que o Texto Refundido da Lei de Solo concreta minimamente o obxecto das dotacións ao falar a título de exemplo de viarios, espazos libres e zonas verdes, como paradigmas do que deben ser as infraestruturas de carácter dotacional; é neste sentido no que han de entenderse as distintas referencias a "redes xerais de servizos", ou, como tamén sinala a lei, a "redes de dotacións e servizos".

Sucedede, con todo, que os solos correspondentes a estas dotacións ou redes non poden destinarse exclusivamente a viarias ou espazos libres, senón que para o establecemento do modelo de cidade, é necesario que o solo se destine a outros moitos equipamentos e servizos, tales como redes de infraestruturas, comunicacións, servizos públicos e de interese xeral.

Na actualidade a regulación legal das dotacións públicas habemos de buscala na lexislación das diferentes Comunidades Autónomas, ao amparo do art. 148.1.3.^a da Constitución (A LEI 2500/1978).

As dotacións públicas atopan a súa regulación fundamental nos preceptos das leis relativos ao plan . Debendo de distinguirse entre sistemas xerais ou dotacións públicas de carácter xeral e dotacións públicas locais.

1. Sistemas Xerais

As dotacións públicas de carácter xeral ou sistemas xerais defínense porque dan servizo e cumpren unhas funcións que abarcan máis dun ámbito de plan. Neste sentido ordenan estruturalmente a cidade, establecendo zonas de espazos libres, equipamentos colectivos, infraestruturas como subministración, saneamento e depuración de augas, electricidade, alumado telecomunicacións e outros servizos que poidan establecerse. As dotacións que configuran a rede de sistemas xerais realízase desde o plan.

Podemos concluír que, a falta dunha definición xeral, o Texto Refundido da Lei de Solo, e aínda de forma illada e asistemática refírese a varios elementos fundamentais do concepto de sistemas xerais ou, por usar a súa nova terminoloxía, de redes xerais de servizos. Tales elementos son:

a) A orixe da cesión obrigatoria do solo por parte dos particulares. A Lei establece claramente o deber de ceder os solo e ademais, o deber de correr cos gastos e coa

execución das infraestruturas necesarias para a súa conexión.

b) O destino a usos e finalidades que poden definirse como de interese xeral, na medida que serven á colectividade e están orientados a execución do modelo de cidade que pretende desenvolver o Plan. Entre estes usos a Lei cita, con carácter enunciativo, os seguintes:

1) Viarios, espazos libres e zonas verdes.

2) Infraestruturas de conexión coas redes de potabilización, subministración e depuración de auga e coas infraestruturas de transporte público que se requiran para unha mobilidade sustentable.

Á hora de analizar a definición dos sistemas xerais por parte da pléyade de disposicións autonómicas vixentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo atopámonos con que o tratamento que se dispensa a esta institución non é nin moito menos homoxéneo nin uniforme. Ademais das diverxencias na terminoloxía, existen notables diferenzas no que aos termos en que se definen os sistemas xerais ou redes públicas refírese. Da variedade lexislativa imos tentar esbozar un concepto. Os sistemas xerais son os usos característicos aos que se destina solo de titularidade pública, obtido normalmente pola Administración Pública a través de cesión directa dos titulares anteriores, relacionados co establecemento de infraestruturas ou a prestación de servizos que se caracterizan todos eles pola satisfacción de usos colectivos ou intereses xerais e, en definitiva, pola contribución esencial á definición e execución do "modelo de cidade" previsto no plan.

Os elementos básicos deste concepto son os seguintes:

A) Titularidade pública. Non cabe dúbida de que os solo sobre os que se asintan os sistemas xerais son de titularidade pública. A titularidade pública dos solo non predetermina a natureza xurídica do solo en si, nin por suposto a natureza e mesmo a titularidade das instalacións que se executen sobre ese solo. A posibilidade de edificar elementos de natureza patrimonial sobre ou baixo o solo é pacíficamente admitida .

B) Obtención por ministerio da Lei. Os sistemas xerais caracterízanse igualmente porque o solo que se destina ao seu establecemento, execución e desenvolvemento é obtido por parte das Administracións Públicas titulares a través dos medios establecidos na Lei. Dentro destes, ocupa un lugar importante a cesión que a Lei prevé a favor das Administracións Públicas, e que constitúe un dos deberes

básicos que conforman o estatuto da propiedade do chan. O art. 7 do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo establece que o réxime urbanístico da propiedade do solo é estatutario e resulta da súa vinculación a concretos destinos, nos termos dispostos pola lexislación sobre ordenación territorial. Os propietarios de solo deben satisfacer concretos deberes para materializar os seus dereitos urbanísticos. O dereito a transformar o terreo, a realizar obras, a executar as previsións que lle recoñece o plan, a incorporar ao seu patrimonio o aproveitamento urbanístico, a exercitar o *ius aedificandi*, etc, son dereitos que están supeditados ao cumprimento de determinados deberes urbanísticos. FORTES LÓPEZ di que as cesións obrigatorias fundaméntanse nunha sólida convicción que deriva de dúas ideas básicas: a necesidade de que a asignación do beneficio que outorga aos propietarios do chan teña algunha contrapartida e atope unha xustificación e, doutra banda, a conveniente obtención dos recursos mínimos para satisfacer as obrigacións e servizos públicos que a urbanización xera. Atopando o seu encaixe constitucional no art. 47, ao proclamar "que a comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos" e canalizar eses deberes e cesións como unha manifestación da función social da propiedade inmobiliaria, segundo establece o art. 33 CE (A LEI 2500/1978).

Estas cesións obrigatorias integran o estatuto básico da propiedade inmobiliaria e, en consecuencia, a súa regulación é competencia do lexislador estatal, que con fundamento no art. 149.1.1 da Constitución debe preservar a igualdade no exercicio dos dereitos. O Tribunal Constitucional na Sentenza 61/1997, de 20 de marzo (A LEI 9921/1997) lembrou esta afirmación.

O Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño (A LEI 8457/2008), polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo, no seu art. 16 precisa as cesións obrigatorias de maneira esencial ao establecer os deberes que implican as actuacións de urbanización ou de dotación.

Esta cesión ten á súa vez tres caracteres fundamentais: é directa, obrigatoria e gratuíta. O deber de cesión convértese, así, nun das canles a cuxo través materialízase o principio de participación da comunidade nas plusvalías. Xunto á cesión existen outras formas de obter os terreos que se destinarán á execución e establecemento de sistemas xerais, como son a ocupación directa, a permuta de terreos ou de aproveitamento ou, mesmo, a expropiación.

Entrando xa no análise concreto da normativa autonómica primeiro debemos facer unha definición de dotación pública e sistema xeral , definición que se establece no artigo 165 no que se establece que; " Definicións.

1. Enténdese por terreos destinados a dotacións públicas os de titularidade do municipio ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma que tenden a satisfacer necesidades colectivas e implantar usos ou servizos públicos, tendo o carácter de bens de dominio público.

2. Son terreos de sistemas xerais os dotacionais públicos que están deseñados ou previstos para o servizo da totalidade do municipio e, en especial, para implantar as infraestruturas básicas do modelo de cidade.

3. Non terán o carácter de sistemas xerais os terreos, instalacións e infraestruturas de titularidade estatal ou autonómica de carácter supramunicipal que non estean contemplados no plan xeral, e cuxa vocación exceda do servizo ao municipio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

4. Son terreos destinados a dotacións locais os dotacionais públicos de titularidade do municipio, que están deseñados ou previstos predominantemente para o servizo do polígono ou sector, no seu caso." Así a vista deste artigo no suposto que nos ocupa estaríamos ante unha dotación local, aínda que este tipo de cuestión sería máis adecuado que fosen concretadas por un Informe Técnico . Por o que respecta os modos de adquisición de terreos para dotacións públicas se establecen con carácter xeral no artigo 167 que regula o que segue; " Obtención de terreos destinados a dotacións locais.

1. Os terreos destinados polo plan a dotacións locais en chan urbano consolidado obteranse mediante expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do chan.

2. Os terreos destinados a dotacións locais en chan urbano non consolidado e en chan urbanizable obteranse mediante cesión obrigatoria e gratuíta a través do sistema de actuación que se adopte ou por expropiación, ocupación directa ou permuta forzosa.

3. A obrigação de cesión gratuíta dos terreos destinados a dotacións de carácter local inclúe tamén a súa urbanización, á conta dos propietarios incluídos no correspondente polígono." . Así se establecen con carácter

xeral tres sistemas ; convenio, expropiación ou permuta forzosa. . No caso que nos ocupa esta modificación do ancho do vial ata 8,50 m , non está contemplada no PXOM do Concello, dado que nos planos 4.1 e 4.2 do PXOM actual se define un ancho de vial de 12 m .

Neste senso debemos de ter en conta que que a xurisprudencia do TS ven esixindo con carácter xeral que previamente a expropiación dos terreos necesarios para dotacións públicas estas estean contempladas no Plán, e que a LOUGA non establece unha diferenciación en canto a esixencia de previsión de destino no Plan para os supostos que se adquiran estes terreos por Convenio, ou por expropiación ou permuta.

Esta conclusión é lóxica dende o punto de vista da conceptualización do Plán coma previsión , coma debuxo do que se quere que sexa unha cidade, coma modelo , concepto en consonancia con a definición global de ordenación do territorio , así o artigo 52. da LOUGA fai as seguintes; Consideracións xerais.

1. Os plans xerais de ordenación municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o chan para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

2. O contido dos plans xerais de ordenación municipal deberá ser congruente cos fins que nos mesmos determinense e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

3. Así mesmo, o plan xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do plan entre as distintas áreas de repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da Comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición." De feito no artigo 56 da LOUGA xa se establecen as determinacións que deberá conter os PXOM no núcleo rural , entre as que se fixan as seguintes; "Artigo 56. Determinacións en chan de núcleo rural.

1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a ordenación detallada dos núcleos rurais e, para ese efecto, incluírán as seguintes determinacións:

Delimitación do seu perímetro.

No seu caso, emprazamento reservado para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado.

Trazado da rede viaria pública e sinalización de aliñacións.

Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das características estéticas da edificación e da súa contorna.

Previsión das áreas dos núcleos rurais nos que se contemple a realización de actuacións de carácter integral, nese caso deberá delimitar os correspondentes polígonos e garantir a integración da actuación coa morfoloxía, os servizos e as características do tipo básico ao que pertenza o núcleo en que se insira, sen que a densidade máxima da actuación integral poida superar as vinte e cinco vivendas por hectárea. En ningún caso poderán preverse actuacións integrais nos núcleos histórico-tradicionais, nin na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos.

Cantas outras resulten convenientes para a ordenación e mellora do núcleo e salvagardaas das canles naturais e as redes de camiños rurais, así como para a conservación e recuperación da morfoloxía dos núcleos histórico-tradicionais e da súa estrutura parcelaria histórica e os seus usos tradicionais.

Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de ordenación dun núcleo rural para facer fronte á complexidade urbanística sobrevinda no mesmo."

Así na opinión destes informantes con carácter previo a tramitación e sinatura deste Convenio se debería proceder ou ben , a tramitación dunha modificación puntual do PXOM que recollese a modificación da rede viaria así coma na aliñación vixente na actualidade , así coma a planimetría da mesma e os terreos afectados por esta modificación da aliñación , ou por outra banda aproveitar o procedemento de revisión do plán, para introducir estas modificacións . Do contrario se estaría mensocabando o réxime xurídico dos convenios de xestión dado que tal e como enunciabamos a

principio deste Informe cando definiamos os convenios de xestión como; "Aqueles que non afectando en absoluto á ordenación urbanística limitense á determinación dos termos e condicións da xestión e execución do plan e demais instrumentos existentes no momento da súa celebración. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivarse ou resultar modificación, alteración, excepción ou dispensa do plan." .

Por tanto , por moi loable que poida ser o querer mellorar unha dotación pública mediante a ampliación ou reforma da mesma para uso e disfrute dos veciños , tamén debemos ter en conta que a ordenación do territorio e primeiro planificación e posteriormente execución e non o revés , a execución de proxectos de obras que supoñen unha alteración do plán e posteriormente tratar de legalizar a través do instrumento de planeamento correspondente .

2.- Do cumprimento do requisito da dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución dun proxecto de obras .

Neste senso resulta clarificadora o Informe 13/2009, de 25 de setembro de 2009 , emitido por a Xunta Consultiva de Contratación , que resulta clarificador no tocante a esta cuestión . Neste Informe a Xunta consultiva de contratación afirma o seguinte; " A consulta exposta polo Alcalde de Benicássim (Castellón) desexa coñecer cando debe esixirse o requisito de dispoñibilidade dos terreos a que se refiren os artigos 110.2 do á Lei de Contratos do Sector Público e 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas así como se tal requisito pode ser acreditado mediante unha cesión dos terreos necesarios para a execución do contrato de obra correspondente realizada en documento privado e, consecuentemente sen constancia en documento oficial establecido pola normativa directamente aplicable, todo iso para axilizar os trámites necesarios para a preparación e aprobación do expediente de contratación.

Unha das características do contrato de obras é que as mesmas se executen nunha ben propiedade do órgano de contratación. A tal fin a Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 110.1 dispón que aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos, sinalando o apartado 2 a excepción referida a tal requisito nos expedientes de contratación referentes a obras de

infraestruturas hidráulicas, de transporte e de estradas, nos que se dispensará do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos. Respecto dos casos de cesión de terreos ou locais o apartado 3 esixe que tales cesións se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar a dispoñibilidade dos terreos, a achega dos acordos de cesión e aceptación polos órganos competentes.

3. A dispoñibilidade dos terreos como documento incorporado ao reformulo do proxecto, trámite que se verifica novamente no acto de comprobación de reformulo, regulado no artigo 212 da Lei e no artigo 139 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ten por finalidade garantir que o órgano de contratación dispón efectivamente dos terreos sobre os que se executarán as obras tanto en canto refírese á instrumentación do expediente como respecto da posición que o contratista asume no contrato, configurándose como sinalamos por tal motivo como un requisito básico do contrato de obras.

4. A dispoñibilidade dos terreos acredítase mediante o documento de titularidade do mesmo con expresión da súa libre disposición previo cumprimento, respecto das Entidades locais, das disposicións establecidas ao efecto no Regulamento de bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, das que cabe destacar a obrigaón de inscrición do ben no Rexistro da Propiedade e a incorporación ao inventario dos bens e dereitos da Entidade local.

En canto ao que se refire á cesión dos bens ao Concello cabe precisar que só están excluídos de cumprir os requisitos de orde xeral cando tal cesión foi efectuada por unha Entidade pública, o que segundo se deduce da consulta recibida non é o caso.

5. Establecidos tales requisitos, as normas reguladoras han de cumprirse no sentido que son promulgadas e das que cabe concluír que non se aprecia a posible excepción de cumprimento da regra establecida, debendo en consecuencia o Concello acreditar a dispoñibilidade dos terreos no momento de reformulo do proxecto, sen poder demorar tal acreditación ao momento en que se formalice a anunciada permuta."

Esta cuestión non é un tema baladí , tanto en cuanto , tal e como enunciabamos o comezo do noso Informe , este proxecto de obras xa foi aprobado e adxudicado estando a obra en curso de execución. Por tanto , cobra importancia o tema anteriormente mencionado acerca de si os terreos que

se tratan de obter son necesarios para a execución deste proxecto , tal e como se anuncia na cláusula primeira deste Convenio, ou ben no proxecto aprobado para as obras de humanización, os traballos non supoñen a cesión de terreos por parte dos propietarios dos terreos que dan fronte o vial tal e como se establece no Informe Técnico asinado por a Arquitecta Municipal con data 28 de marzo de 2011.

No caso de que efectivamente estes terreos estivesen contemplados no proxecto de humanización que foi aprobado, adxudicado e está en curso de execución , se estaría incumplindo o apartado 1 do artigo 110 da Lei de Contratos do Sector Público, toda vez que se agora estes terreos van a ser obxecto de cesión , evidentemente aínda non están inscritos no Rexistro da Propiedade deste Concello , e por tanto aínda non se ten a dispoñibilidade sobre os mesmos.

3.Repercusións económicas derivadas do Borrador do Convenio.

En canto aos aspectos económicos derivados do borrador de convenio, en primeiro lugar, según o informe de data 14 de abril de 2011 do enxeñeiro municipal, os investimentos a levar a cabo (consistentes no recuamento do valo existente nas fincas obxecto de convenio, e desprazamento de portal de entrada existente ao aparcadoiro) ascenderán ao importe de 12.323,80€.

En canto a existencia de crédito para afrontar o investimento proposto, na aplicación 453.60900, onde se procedeu a contabilizar o compromiso de gasto derivado do investimento adxudicado a empresa Sercoysa proyectos y obras S.A "Humanización da Rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon e rúa Covento", existe crédito retido polo importe da baixa na adxudicación do contrato (40.426,44€) importe que, pertence, na porcentaxe do 63,8% a subvención outorgada polo Ministerio de Cultura para a realización do investimento mencionado (25.805,39€) e na porcentaxe de 36,2% a un préstamo para financiar investimentos solicitado no exercicio 2010 (14.634,37€) polo que unicamente poderá dispoñerse do importe financiado con cargo ao préstamo solicitado polo Concello, é dicir, 14.634,37€.

Por outra parte, na cláusula terceira do borrador de convenio se establece unha indemnización de 12.473,14€ para os titulares dos terreos a ceder no caso de que unha vez aprobado o Plan Xeral de Ordeación Municipal, non se conseguise desafectar totalmente a edificación destinada a vivenda e o cerramento reconstruído.

O artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de

régimen xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, permite as Administracións Públicas celebrar acordos, pactos, convenios, ou contratos con persoas tanto de dereito público como de dereito privado sempre que non sexan contrarios ao ordeamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxeto satisfacer o interese público que teñen encomendado.

Vendo o exposto, se considera que as indemnizacións pecunarias previstas no borrador de convenio non teñen cobertura legislativa algunha tratándose de obrigas para a Administración que non poden ser obxeto de contrato, polo que se consideran nulas de pleno dereito, e se considera ademais, que contraveñen o interese xeral e e os principios de boa administración que deben rexir na práctica da xestión urbanística dunha Administración Local.

En canto a existencia de crédito para proceder ao pago das indemnizacións plantexadas, en canto a imputación orzamentaria das indemnizacións, a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, non recolle ningún concepto de indemnización por danos e perxuízos en ningún capítulo do orzamento de gastos por o que é difícil encadrar a imputación orzamentaria destas indemnizacións. Cando se trata de indemnizacións derivadas dun funcionamento anormal dos servizos públicos (expedientes de responsabilidade patrimonial coo os que se adoitan tramitar no Concello) se entende que o gasto deberá imputarse ao capítulo II do estado de gastos xa que se trata dun gasto corrente, pero, no presente caso non se trata de tal polo que non parece clara a imputación orzamentaria das posibles indemnizacións. No orzamento correspondente ao exercicio 2011 na aplicación 920.22614 "Indemnizacións a particulares" unicamente existe crédito por importe de 1.700€ na data de emisión deste informe, o cal non sería suficiente para afrontar as indemnizacións expostas. Na bolsa de vinculación 9.2 existe crédito por importe de 23.501,75 €€ e existen facturas pendentes de aprobación correspondentes a mencionada bolsa por importe de 10.271,05€, por o que, na data de emisión deste informe, nesta aplicación existiría crédito suficiente na bolsa de vinculación 9.2 para afrontar a indemnización proposta de 12.473,14 €.

Non obstante poñer de manifesto que, tal como se deriva dos planos obrantes no expediente, existen mais parcelas afectadas polo que se descoñece se a intención e seguir formalizando convenios co resto de titulares das mencionadas parcelas, e, en este caso, se descoñece tamén

cales serían as repercusións económicas que poderían derivarse deses posibles convenios debendo ter en conta todo o disposto no presente informe en cantoposible existencia de crédito orzamentario para afrontar as repercusións mencionadas.

4. Acerca das diversas cuestións analizadas no Informe do Asesor xurídico do Concello.

Destacar en primeiro lugar que o Informe do asesor xurídico deste Concello se limita a tratar de aclarar os distintos puntos do Informe suscrito con anterioridade por esta Secretaría e Intervención , con vistas a tratar de refutar ou contradecir os argumentos xurídicos empregados.

Na súa argumentación non se fai referencia en ningún momento a uns fundamentos de carácter xurídico , a estos efectos se recorda o establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro , por o que se aproba o ROF no que se expón sucintamente o contido mínimo dos Informes para resolver un expediente, a saber; "Os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán os extremos seguintes:

- Enumeración clara e sucinta dos feitos.
- Disposicións legais aplicables e alegación razoada da doutrina, e
- Pronunciamentos que haxa de conter a parte dispositiva.", así pois por o que respecta a non vinculación dos Informes da Xunta consultiva de contratación, efectivamente aínda que con carácter xeral os Informes non teñen o carácter de preceptivos e vinculantes , tal e como se expón no devandito artigo do ROF , constitúen unha alegación razoada a doutrina , que en todo caso serve para xustificar razoadamente a opinión xurídica dos técnicos que subscriben este Informe.

Por o que respecta o carácter mixto do convenio , estes Informantes non dubidan deste carácter , de feito fan referencia no seu Informe a esta dobre natureza , se non que dubidamos do seu encaixe xurídico e da súa legalidade , remitíndonos as consideracións efectuadas no apartado primeiro deste Informe.

A vista dos fundamentos xurídicos expresados nos distintos puntos de análise deste Informe , esta Secretaría e Intervención informan DESFAVORABLEMENTE o presente borrador de Convenio.

Con independencia do anteriormente exposto deste Concello, o Pleno deste Concello, en virtude das

competencias que lle otorga a Lei Reguladora das Bases do Réximen Local 7/85 de 2 de abril no seu artigo 21.1.q) poderá resolver o outorgamento ou non do solicitado da maneira máis axustada a dereito.”

Previa lectura do Convenio obxecto deste dictame, e previa lectura do informe emitido o día 6 de maio de 2011 polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

“Visto o convenio urbanístico de xestión e de planeamento entre o Concello de Poio e D. Manuel Rial Buceta e a súa dona Dna. María Jesús Nieto Quintillan para a execución da obra de “Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon”, asinado o 5 de maio de 2011 e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL); teño a ben informa-lo seguinte

PRIMEIRO: Con data 20 de abril de 2011 o Secretario e a Interventora Municipal emiten informe desfavorable á aprobación do borrador de convenio urbanístico que se lles entregou con data 14 de abril de 2011, en base ós fundamentos que expoñen non seu informe e que constan no expediente.

SEGUNDO: Con data 28 de abril de 2011 esta asesoría emitiu informe favorable á aprobación do borrador do convenio urbanístico que se pretendía asinar o 29 de abril de 2011, en base ós fundamentos xurídicos que se expoñen no mesmo e cuxo informe consta no expediente, sen prexuízo do novo informe que emitan os técnicos municipais.

TERCEIRO: Con data 5 de maio de 2011 asínase entre o Sr. Alcalde e os propietarios o convenio urbanístico de xestión e de planeamento, que obra no expediente, que se compón de seis cláusulas e incorporanse sete documentos.

CUARTO: Con data 5 de maio de 2011 o Secretario e a Interventora do Concello emiten informe desfavorable á aprobación do convenio urbanístico asinado o 5 de maio de 2011, reproducindo os mesmos fundamentos xurídicos que constan no seu informe de 20 de abril de 2011 do Secretario e da Interventora.

QUINTO: Visto o contido do convenio urbanístico asinado o 5 de maio de 2011 e o informe desfavorable emitido polo Secretario e Interventora Municipal o 5 de maio de 2011, esta asesoría dá por reproducidos os fundamentos de dereito

expostos no meu informe de 28 de abril de 2011, favorable á aprobación polo Pleno do convenio urbanístico, podendo o Pleno do Concello proceder á aprobación do convenio asinado o 5 de maio de 2011, por cumprir o mesmo coa normativa vixente.”

Sometido a votación este asunto, esta resulta:

Votos a favor: Catro, dos membros do B.N.G..

Votos en contra: Tres, dos membros do P.P.

Abstencións: Ningunha.

Polo que

Primeiro: Informase favorablemente dito convenio

Segundo: Que se someta este Convenio ó Pleno desta corporación municipal.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Cuarto: Que se notifique o acordo que adopte o Pleno desta Corporación Municipal o/aos interesado/s con indicación do réxime de recursos aplicable..”

A Sra. Nieto García manifesta que o Grupo Municipal do Partido Popular vai votar en contra da aprobación do devandito convenio xa que consideran que previo á aprobación do convenio primeiro hai que tramitar o expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Sr. Barreiro Lubián, antes de comezar á súa intervención, disculpa ao Sr. Alcalde que non puido asistir xa que tiña un compromiso previo á fixación da sesión do pleno.

Comeza o tratamento do asunto, manifestando que se trata da aprobación dun convenio de xestión e de planeamento e que non se pretende facer unha modificación puntual neste momento, será no planeamento que se está a elaborar polo equipo redactor, se así o permite a lei, tratar esta modificación.

Xa neste municipio se tramitaron varios convenios de igual maneira, como pode ser en Raxó con tema do Porto, e se non é posible a modificación haberá que compensar aos interesados, son instrumentos que permite a lei do chan.

O Sr. Agís Gómez di que con este convenio preténdese

mellorar o proxecto que se está a executar na rúa Fernando González de la Mora y Mon.

A Sra. Besada Lores manifesta que por un lado o Partido Popular presenta escritos para que se dote de aparcadoiros e de beirarrúas no proxecto de humanización da rúa que pasa por esta zona e cando se contempla van e votan en contra, non o entendo.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo este quedou aprobado por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), 4 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. Manuel Rial Buceta e D^a. María Jesús Nieto Quintillán. Para execución da obra de "Humanización da rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon".

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c)

3528.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO SUNC 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL EN SAN SALVADOR-DOCUMENTO DE INICIO.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 18 de maio de 2011 e que di o que segue: "Previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente:

"Logo de ver a documentación remitida pola Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo o 19/04/2011 (entrada no Rexistro núm. 2201), en relación á modificación puntual do PXOM no eido do Polígono 2 de solo urbano non consolidado situado na parroquia de San Salvador, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Achéganse dous exemplares en formato papel do documento de inicio da Modificación Puntual do PXOM no SUNC 2 e unha copia en formato dixital, para a tramitación do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica segundo a

Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A modificación puntual do PXOM xorde como consecuencia da adaptación da ordenación definida no PXOM no eido do SUNC 2 á ordenación da proposta gañadora no IX concurso de ideas EUROSPAN co tema "urbanidade europea- cidade sostible e novos espazos públicos" tendo en conta criterios de menor edificabilidade, maior porcentaxe de espazos libres e edificabilidade.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

1. A modificación puntual do PXOM debe seguir o procedemento de formulación e tramitación indicados nos artigos 84º e 85º da LOUG (última redacción Lei 2/2010, do 25 de marzo).

2. Segundo o artigo 84º.5 da LOUG, o municipio promotor comunicará ao órgano ambiental o acordo da formulación da modificación do PXOM, xunto co documento de inicio ao que se refire o apartado anterior.

3. O documento de inicio da modificación puntual do PXOM no eido do SUNC 2 de San Salvador, contén unha memoria que desenvolve os seguintes apartados:

- Introducción
- Antecedentes e obxectivos
- Diagnose da situación actual
- Alcance e contido do planeamento
- Desenvolvemento previsible da modificación puntual
- Aproximación aos efectos ambientais previsibles
- Os efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación sectorial implicada, sobre a planificación territorial e sobre as normas aplicables

A documentación gráfica contén planos de información (01 a 02) e de proposta (03 a 06).

O documento de inicio cumpre os requisitos esixidos no art. 18º da Lei 9/2006, do 28 de abril.

4. Ao respecto da proposta de ordenación, esta modifica a ordenación definida no PXOM para o polígono 2, cunha retícula de viais, unha superficie de zona verde central e unha ordenanza de edificación de media densidade pechada plurifamiliar (Ordenanza 3 do PXOM), na que domina a tipoloxía de bloque entre medianeiras formando couzadas pechadas. A proposta define unha ordenación máis orgánica

na que domina o bloque aberto cunha maior proporción de espazos libres e reserva de solo de equipamento. Ademais ten en conta as edificacións existentes destinadas a vivenda unifamiliar que quedan integradas na ordenación.

A ordenación respecta o contorno do eido que actualmente está no límite do solo urbano e rodeado de solo de núcleo rural, adaptase ao parcelario catastral e resolve as conexións cos viais existentes así como o remate nos encontros coas edificacións máis recentes executadas de acordo co planeamento vixente.

5. A ordenación proposta modifica o eido do polígono 2 e a modificación é inferior ao 20% da superficie do eido estimada na ficha do PXOM (art. 123°.4 da LOUG).

Superficie PXOM	22300m ²	
Superficie Modificación Puntual		25640m ²
Diferenza	15%	

6. A ordenación cumpre cos estándares esixidos no art. 47°.2 da LOUG no que respecta á reserva de solo para espazos libres públicos, de solo de equipamento e de prazas de aparcamento (xustificado no cadro do apartado 4.2 da memoria).

7. Redúcese a edificabilidade máxima do polígono de 1,65m²/m² a 0,85m²/m² (art. 46°.2.c) da LOUG). No documento de inicio presentado indícase a superficie máxima construíble sobre rasante (18500m²) que equivale a 0,72m²/m².

8. Á marxe de cuestións de deseño e de calidade da ordenación, no documento que será redactado para a aprobación inicial da modificación puntual deberá de xustificarse tanto a superficie de solo reservado para vivenda sometida a algún réxime de protección pública e a porcentaxe de edificabilidade residencial reservada a este fin (art. 47°.11 da LOUG) como o cómputo de edificabilidades lucrativas baixo e sobre rasante (art. 47°.6 da LOUG) xa que no documento de inicio presentado unicamente se cuantifica a superficie máxima construíble baixo rasante como consecuencia da comparativa coa ficha do polígono que figura na Normativa do PXOM vixente.

9. Igualmente deberá de indicarse o sistema de actuación previsto para o desenvolvemento do polígono (art. 127° da LOUG).

INFORME

Polo exposto, informo favorablemente o documento de

inicio da modificación puntual do PXOM para a súa remisión ao o órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica.

Previamente, o Concello deberá de acordar a formulación da modificación puntual do PXOM para remitir o correspondente acordo á consellería competente segundo o artigo 84°.5 da LOUG.

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente:

" Visto o expediente de urbanismo de Modificación Puntual do PXOM do Polígono 2 de Solo Urbano non Consolidado en San Salvador, e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o que segue:

1º.- Con data 19 de abril de 2011 ten entrada no Concello un escrito asinado polo Servizo de Solo Residencial, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, achegando o documento de inicio para a avaliación ambiental estratéxica da Modificación do PXOM de Poio do Solo Urbano Non Consolidado nº 2 de San Salvador de Poio (Pontevedra), para a súa tramitación, promovido polo Concello de Poio.

2º.- Con data 27 de abril de 2011, a arquitecto municipal emite informe favorable ao documento de inicio da modificación puntual que se pretende, para a súa remisión ao órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non a avaliación ambiental estratéxica e indicando igualmente que o Concello, previamente, deberá acordar a formulación da Modificación Puntual do PXOM, para remitir o documento de inicio co correspondente acordo plenario que se adopte á Consellería competente, de conformidade co disposto no artigo 84.5 da LOUGA.

3º.- O artigo 84.5 da LOUGA, na súa redacción dada pola Lei 2/2010, establece o procedemento a seguir para a avaliación ambiental e estratéxica, correspondendo ao municipio promotor da modificación puntual comunicar ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio.

Por todo isto, informo que debe darse conta ao Pleno do Concello do Documento de Inicio da Modificación Puntual, prestando aprobación ao mesmo, por maioría absoluta, facultando ao Sr. Alcalde para remitir o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Calidade e Avaliación

Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia, todo isto previo ditame da comisión informativa de urbanismo."

E previa lectura do informe emitido polo Secretario Xeral do Concello que dí textualmente:

" Asunto: modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do PXOM do Concello de Poio en Polígono 2 de solo urbano non consolidado do PXOM. San Salvador.

Jacobo Barreiro Pimentel, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente á Secretaría, categoría de entrada, Secretario Xeral do Concello de Poio, en cumprimento do establecido nos arts. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de abril, emito o seguinte

INFORME

1. Antecedentes de feito.

1. Informe da arquitecta municipal de data 27 de abril de 2011.
2. Informe do asesor xurídico da Corporación de 4 de maio de 2011.

1. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alteración do planeamento: requisitos.

De conformidade co art. 93 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a alteración de planeamento require do cumprimento dunha serie de requisitos:

- a) Alcance da alteración: revisión ou modificación.

Segundo o informe técnico de data 27 de abril de 2011 "ao respecto da proposta de ordenación definida no PXOM para o polígono 2, cunha retícula de viais, unha superficie de zona verde central e unha ordenanza de edificación de media densidade pechada plurifamiliar (Ordenanza 3 do PXOM), na que domina a tipoloxía de bloque entre medianeiras

formando couzadas pechadas. A proposta define unha ordenación máis organiza na que domina o bloque aberto cunha maior proporción de espazos libres e reserva de solo de equipamento. Ademais ten en conta as edificacións existentes destinadas a vivenda unifamiliar que quedan integradas na ordenación.

Á ordenación respecta o contorno do eido que actualmente está no límite do solo urbano e rodeado de solo de núcleo rural, adáptese ao parcelario catastral e resolve as conexións cos viais existentes así como o remate nos encontros coas edificacións máis recentes executadas de acordo con o planeamento vixente."

Non apreciándose a concurrencia de circunstancia ningunha das previstas no parágrafo segundo do mencionado precepto, a alteración proposta debe ser considerada como modificación aínda que poda supoñer cambio illado na clasificación, cualificación do solo ou delimitación de polígonos (art. 93.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro).

b) Interese xeral.

O art. 94.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro establece:

"Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas "

En atención ao contido transcrito do informe técnico de 27 de abril de 2011, o obxecto da modificación cumpriría coas determinacións propias da Lei 9/2002, do 30 de decembro para modificacións puntuais.

c) Outros requisitos.

c.1) Incremento da intensidade de uso.

Se a modificación incrementa a intensidade de uso conforme o art. 94.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, terase que incluír novas dotacións públicas de acordo cos estándares do art. 47.2º debendo emprazarse no mesmo distrito ou sector si se trata de solo urbano ou urbanizable.

O informe técnico do 27 de abril de 2011 dí ó particular:

"A ordenación cumpre cos estándares esixidos no artigo 47.2 da LOUGA no que respecta á reserva de solo para espazos libres públicos , de solo de equipamento e de

prazas de aparcamento ”.

Polo que non sería necesario proceder a incrementar as dotacións na forma prevista no precepto transcrito.

Segunda.- Procedemento.

O art. 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, impón para tramitación da modificación dos planes xerais, observar as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, non sendo necesario obter informe previo á aprobación inicial ó que se refire o art. 85.1º da lei sempre e cando a alteración non implique reclasificación del suelo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin altere os sistemas xerais.

Por tanto, deberase remitir á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o documento de inicio ao que se refire o art. 7.1º da Lei 6/2007, de 11 de maio de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia en relación co art. 18 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de que se adopte a decisión de proceda sobre a necesidade ou non a avaliación ambiental estratéxica conforme ao art. 5 letra e) da citada Lei 6/2007.

En todo caso deberá seguirse o procedemento marcado polo art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro tendo en conta as modificacións establecidas pola citada Lei 6/2007, de 11 de maio.

O órgano competente para levar a cabo a aprobación inicial e provisional é o Pleno

O artigo 22.2º .c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, establece que corresponde en todo caso ao Pleno.

“... ”

c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calesquera de ditos instrumentos”.

Dito acordo deberá ser adoptado polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros segundo o artigo

47.2°.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A vista do anteriormente exposto , de conformidade con os Informes obrantes no expediente , informo favorablemente o documento de inicio da modificación puntual do PXOM para a súa remisión ao órgano ambiental aos efectos de que adopte decisión acerca de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica.

Debendo darse conta o Pleno da corporación do Documento de Inicio da Modificación Puntual, prestando aprobación ó mesmo por maioría absoluta.

Polo que sendo o obxecto propio do convenio a alteración da ordenación proposta, recomendase presentar e subscribir inicialmente, se así procede, o convenio para que poda ser examinado e informado, tramitándose de forma conxunta coa modificación do PXOM."

Sometido o asunto a votación, esta resulta:
Votos a favor: Catro, dos membros do B.N .G.
Votos en contra: Ningunha.
Abstencións: Dúas dos membros do P.P..
Polo que esta Comisión acorda:

Primeiro: Informar favorablemente a formulación da Modificación Puntual no S.U.N.C. 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Segundo: Informar favorablemente o Documento de Inicio da Modificación Puntual

Segundo: Que se someta ó Pleno a formulación da Modificación Puntual e o Documento de Inicio.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9°.1 c).

Cuarto: Que se remita o Documento de Inicio e o acordo que adopte o Pleno á Secretaria Xeral de Avaliación Ambiente, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ós efectos indicados nos informes emitidos.
".

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa o que queda aprobado por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao Documento de Inicio

da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Segundo: Facultar ao Alcalde para remitir o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Calidade e Avaliación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia.

3529.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO. PROPOSTA AO MINISTERIO DE FOMENTO DE MODIFICACIÓN DA LIÑA DE EDIFICACIÓN A UNHA DISTANCIA INFERIOR A 50 METROS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 18 de maio de 2011 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente:

"Logo de ver a documentación remitida polo arquitecto Ignacio Hermo Túñez o 08/04/2011 (entrada no Rexistro núm. 1968), en relación á modificación puntual do PXOM en San Salvador, a técnico municipal emite o seguinte informe:

Achégase un exemplar en papel do "anexo á memoria" en resposta á solicitude da Dirección Xeral de Estradas de 11/10/2010.

Esa Dirección Xeral solicitaba a definición da aresta exterior 'da explanación 'da AP-9, a zona de dominio público e a Liña de edificación a 50m (xa que non lles consta que polo Ministerio se lle autorizara ao Concello de Poio redución ningunha desta distancia).

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS.

1.- O solo no que se promove a modificación puntual do PXOM está clasificado como solo urbano (SU).

2.- A Lei 25/88 de Estradas, permite reducir a distancia de servidume de 50m en tramos de solo urbano.

3.- No anexo achegado, indícase que a Liña de edificación na zona está consolidada tanto na praza do Peirao como na rúa Peirao e que a modificación puntual non cuestiona a consolidación da Liña de edificación senón a rectificación dun erro gráfico dos planos do PXOM vixente. Dito anexo fundamenta a consolidación da edificación na zona a partir de fotografías do século XIX e principios do XX así como a planimetría do Catastro de 1956 e das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento do Concello de Poio vixentes a

partir de 1985 e indica que o PXOM vixente consolida o aliñamento definido na realidade.

4,- No anexo indícase que no trámite de redacción do PXOM vixente remitiuse o expediente á Demarcación de Estradas segundo establece o artigo 10.2 da Lei 25/88 de Estradas e dado que dito departamento non evacuou o informe (vinculante) no tempo establecido, entendeuse a súa conformidade co documento (tal e como indica o antedito artigo da Lei 25/88 que di que si transcorrido o prazo dun mes e un mes máis "non se evacuara o informe citado polo referido departamento, entenderase a súa conformidade co mesmo".

5,- A documentación gráfica do "Anexo á memoria", recolle a planimetría do Catastro do 56 que define o aliñamento da rúa Peirao así como a das NNSS Municipais de 1985. Sobre os planos do PXOM vixente e o topográfico levantado na zona sinalase a aresta exterior da AP-9, a Liña que define a zona de dominio público e o aliñamento oficial sinalado no PXOM que coincide coa Liña das edificacións existentes e consolidada.

7,- Medido sobre o plano 5 do Anexo a Liña de edificación está unha distancia media de 21 m a partir da aresta exterior da autoestrada.

INFORME

Polo exposto, informo favorablemente o "Anexo á memoria da modificación puntual do PXOM" de marzo de 2011, para a súa remisión á Dirección Xeral de Estradas.

Respecto da aprobación do PXOM polo Ministerio de Fomento, por silencio, por non evacuar o informe vinculante no prazo indicado no artigo 10.2 da Lei 25/88 de Estradas, estarase ao indicado pola Asesoría Xurídica do Concello. "

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

"Visto o expediente tramitado de aprobación da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio, en rúa Peirao de San Salvador de Poio, (Pontevedra); promovido polo Concello de Poio, e o anexo á memoria de proposta ao Ministerio de Fomento de modificación da liña de edificación a unha distancia inferior a 50 metros; e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e a Lei de Estradas do Estado 25/1988, de 29 de xullo, teño a ben emitilo seguinte informe:

Primeiro.- Por oficio da Alcaldía de 30 de marzo de 2011, concedeuse aos arquitectos D. José e D. Ignacio Hermo Túñez, o prazo de 15 días para que formularan unha

proposta, en resposta ao informe desfavorable emitido polo Ministerio de Fomento -Dirección Xeral de Estradas - Demarcación de Estradas en Galiza, en relación coa Modificación Puntual do Plan Xeral ao que se refire este expediente, coa finalidade de solicitar do Ministerio de Fomento unha redución da liña de edificación de 50 metros, prevista no artigo 25 da Lei de Estradas do Estado, dado a clasificación de zona urbana da rúa Peirao de San Salvador.

Segundo.- Con data 8 de abril de 2011, ditos arquitectos entregan no Concello o correspondente escrito, acompañando un ANEXO Á MEMORIA, DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL EN RÚA PEIRAO DE SAN SALVADOR, en resposta á solicitude da Dirección Xeral de Estradas de 11 de outubro de 2010, propoñendo a redución da liña de edificación a unha distancia inferior á fixada de 50 metros na Lei de Estradas.

Terceiro.- Con data 4 de maio de 2011, a arquitecto municipal emite informe favorable o "Anexo a Memoria da Modificación Puntual do Plan Xeral, de marzo de 2011", para a súa remisión á Dirección Xeral de Estradas.

Cuarto.- A Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas, no seu Art. 10.2 establece o seguinte:

"Acordada la redacción, revisión o modificación de un instrumento de planeamento urbanístico que afecte a carreteras estatales, el órgano competente para otorgar su aprobación inicial deberá enviar, con anterioridad a dicha aprobación, el contenido del proyecto al Ministerio de Fomento, para que emita, en el plazo de un mes, y con carácter vinculante, informe comprensivo de las sugerencias que estime conveniente. Si transcurrido dicho plazo y un mes más no se hubiera evacuado el informe citado por el referido Departamento, se entenderá su conformidad con el mismo."

Y el art. 25, 1 y 2 de la misma Ley preceptúan lo siguiente:

"1. A ambos lados de las carreteras estatales se establece la línea límite de edificación, desde la cual hasta la carretera queda prohibido cualquier tipo de obra de constucción, reconstrucción o ampliación, a excepción de las que resulten imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las construcciones existentes.

La línea límite de edificación se sitúa a 50 metros en las autopistas, autovías y vías rápidas y a 25 metros en el resto de las carreteras de la arista exterior de la calzada más próxima, medidas horizontalmente a partir de la mencionada arista. Se entiende que la arista exterior de la calzada es el borde exterior de la parte de la carretera destinada a la circulación de vehículos en general.

2. con carácter general en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas el Ministerio de Fomento podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el punto anterior, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca.”.

Por todo isto, e tendo en conta que el anexo de la memoria presentada axústase ao previsto no artigo 25.2 da Lei, pode o Pleno do Concello de Poio adoptar o seguinte acordo:

“Prestar aprobación ao anexo á memoria da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación municipal de Poio (Pontevedra), en rúa Peirao - San Salvador, redactado polos arquitectos D. Ignacio e José A. Hermo Túdez, en marzo de 2011, promovido polo Concello, e facultar ao Sr. Alcalde para solicitar da Dirección Xeral de Estradas, do Ministerio de Fomento, que se preste aprobación á redución da liña de edificación, tal como figura no plano 4 de dito anexo e se informe favorablemente a Modificación Puntual enviada no seu día ao Ministerio de Fomento, deixando sen efecto o informe desfavorable de 11 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Estradas, por cumprir dito anexo á memoria co previsto no artigo 25.2 da Lei 25/1988 e poida o Concello de Poio continuar co procedemento de aprobación da Modificación Puntual. ”

Sometido este asunto a votación, esta resulta:

Votos a favor: Catro, dos membros do B.N.G.

Votos en contra: Ningunha

Abstencións: Dúas, dos membros do P.P.

Polo que esta Comisión acorda:

Primeiro: Informar favorablemente ó “Anexo á memoria” da modificación puntual do PXOM en rúa Peirao - Barca - San Salvador, de data marzo de 2011 que foi redactada polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Tuñez

Segundo: Que se pase este expediente ó Pleno para a adopción do acordo que redacta no seu informe o Asesor Xurídico do Concello

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Cuarto: Que se notifique o acordo que adopte o Pleno e un exemplar do “Anexo á Memoria da modificación puntual do PXOM, de data: marzo de 2011 e a Dirección Xeral de

Estradas. "

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa o que queda aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao anexo á memoria da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación municipal de Poio (Pontevedra), en rúa Peirao - San Salvador, redactado polos arquitectos D. Ignacio e José A. Hermo Túñez, en marzo de 2011, promovido polo Concello, e facultar ao Sr. Alcalde para solicitar da Dirección Xeral de Estradas, do Ministerio de Fomento, que se preste aprobación á redución da liña de edificación, tal como figura no plano 4 de dito anexo e se informe favorablemente a Modificación Puntual enviada no seu día ao Ministerio de Fomento, deixando sen efecto o informe desfavorable de 11 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Estradas, por cumprir dito anexo á memoria co previsto no artigo 25.2 da Lei 25/1988 e poida o Concello de Poio continuar co procedemento de aprobación da Modificación Puntual.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e sete minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.